

MELÓN PELADO

Farsa non-infantil para Caixa de Bonecas



En escena

Nuria Gullón e Cris Collazo

Texto

Esther F. Carrodegua

Dirección

Xavier Castiñeira

Diseño e construción escenográfica

Luchi Iglesias

Asesoramento Sonoplastia

Juanma LoDo

Unha co-produción

MUSEO NACIONAL
CENTRO DE ARTE
REINA SOFIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

+ **butacazero**

Melón Pelado é o segundo proxecto escénico no que **ButacaZero** aborda o tema das rapadas da **Posguerra Civil**. Esta pequena peza de teatro de obxectos que nace como encarga do **Museo Reina Sofía**, que propón a Esther F. Carrodegas escribir unha peza para o catálogo da súa exposición **ESPERPENTO**.

Para tal ocasión, Carrodegas decide recuperar o tema das rapadas xa que precisamente a **obxectualización das protagonistas** favorecía un discurso crúo sobre o tema que axudaba á ironización dunha temática durísima.

Pouco despois, o propio Museo propuxo a **ButacaZero** producir a peza -en coprodución con eles-, e así foi como naceu este espectáculo que se estreou o pasado 16 de outubro de 2024, dentro das actividades paralelas da exposición citada.

Agora, a peza pretende **chegar a todos os recunchos** posibles grazas á versatilidade e facilidade de xira que fomenta o formato, que só precisa dun pequeno espazo onde pousar o baúl... e un enchufe convencional (220v).





Diego Seixo · MITCFC · 2025

SINOPSE

Dúas titiriteiras abren unha caixa de bonecas que en realidade é un baúl dos recordos. Arranca o conto. Mil novecentos trinta e... Ameniza o espectáculo a Banda de Música da Vila (de calquera vila). Entre o Posto de Churros e a Caseta do Anís comparece a procesión, o desfile, a comparsa. Pero trátase dun desfile DANTESCO de bonecas rapadas. A obra parece -sen dúbida- un esperpento. Pero de Valle... non é.

Melón Pelado propón unha viaxe iniciática de cara a lugares da Historia nin escritos ni contados -nin moito menos fotografados- reflexionando sobre o propio feito da memoria do atopado.

Todas as persoas asistentes poderán levar para as súas casas un fermoso *souvenir*.



MONSERRAT E MARUJA ABUÍN PARDO

Irmáns e veciñas de Carril, Vilagarcía de Arousa

PEREGRINA COMESAÑA COSTAS, CARMEN COMESAÑA FERNÁNDEZ, AURORA COMESAÑA FERNÁNDEZ e CECILIA COMESAÑA PÉREZ

Veciñas de Alcabre, Vigo

EMILIA CARRIL "A LAMBORIA" e ASUNCIÓN VILAS LÓPEZ "A VIDALA"

Veciña de Lourizán

MANUELA GARCÍA CASTRO e OTILIA FERNÁNDEZ OBELLEIRO

Aveciñadas en Quireza

JOSEFA GONZÁLEZ MOSTEIRO

Veciña de Cambre

ÁNGELA LAGO VIDAL

Veciña de Vilanova de Arousa

OTILIA MEIS PINTOS

Veciña de Cons-Mourete, Pontevedra

ELSA OMIL TORRES

Veciña de Marín nacida en América (Boston)

JUANA OTERO

Mestra e veciña de Vilagarcía

MANUELA ALONSO E ELENA FERREIRO

Nai e filla. Veciñas de Cuntis

PEREGRINA E ADOLFINA

Veciñas de Cavadachán

LOLA DO SOUTO E PEPA DO TOMBO

Veciñas de Paredes

CASILDA ROSENDO

Veciña de Vilaboa

CARMEN ECHEVERRÍA, TUCHA E FINA

Veciñas de Pontevedra

ANUNCIACIÓN CASADO ATANES

Veciña de Verín

BRÍGIDA MUÑIZ SUÁREZ

Veciña de Boiro

ENCARNACIÓN SILVA

Veciña de Campolongo



ANA CASTEJÓN COTE

Veciña de Paterna (Comunidade Valenciana)

INÉS OSABA FERNÁNDEZ

Veciña de AMPUERO (Catabria).

DARIA Y MERCEDES BUXADÉ

Torturadas e paseadas polas rúas de Manacor coa cabeza rapada

ANTONIA MORENO

Veciña de Marchena, provincia de Sevilla

MARGARITA ITURMENDI BUSTO; ARANTXA GALARZA ZULUETA y JESUSA

URANGA IRURETAGOIANA y otras 7 mujeres

Veciña de Oñate (Guipuzcoa)

MARÍA LUÍSA GUILLÉN Y CÁNDIDA MERCADO

Monte Gurugú (Alcalá de Henares, Provincia de Madrid)

HILARIA FERNÁNDEZ

Veciña de Villafranca de los Caballeros (Toledo)

CARMEN TOLOSA, FELISA RODRÍGUEZ, ÁNGELES CHUECA y 35 MUJERES MÁS

Rapadas en Fuendejalón (provincia de Zaragoza)

FILOMENA Y MARINA IRIARTE, BLASA PÉREZ y DOROTEA BIDONDO

Rapadas en Lumbier, municipio da Comunidade Foral de Navarra

GENEROSA CARRILLO y PILAR MURRIAL (Conocida como LA MURRIALA)

Rapadas en Urrea de Gaén (Teruel)

TERESA ÁLVAREZ BERJANO

Veciña de Fuente de Cantos (Badajoz)

EQUIPO

ELENCO

Nuria Gullón e Cris Collazo/Sophia Rodal

TEXTO

Esther F. Carrodegua

DIRECCIÓN

Xavier Castiñeira

DESEÑO E CONSTRUCCIÓN ESCENOGRÁFICA

Luchi Iglesias

ASESORAMENTO SONOPLASTIA

Juanma LoDo

FOTOGRAFÍAS

Alex Sobrino / Diego Seixo

PRODUCCIÓN

Esther F. Carrodegua

PRODUCCIÓN

Esther F. Carrodegua

PRODUCCIÓN EN XIRA E PRENSA

Rubén Capelán

Melón Pelado é

Unha produción **ButacaZero** en coprodución co **Museo Reina Sofía**.





BUTACAZERO

Diego Seixo - MITCFC - 2025

ButacaZero é a plataforma creativa de **Esther F. Carrodegua** e **Xavier Castiñeira**, que propoñen un teatro que dialoga coa actualidade dende unha mirada crítica e irónica.

ButacaZero popularizouse en Galicia no ano 2016 grazas á estrea de **Voaxa e Carmín** na Mostra Internacional de teatro de Ribadavia e desde entón investigaron o esquecemento con **na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]**, a identidade galega con **#camiños** (en coprodución co CDG), a vida de María Casares con **Despois das ondas**, a vida confinada con **32m2**, a violencia machista coa ópera **Papagena** e a gordofobia con **O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada**, estreada en Teatro del Barrio.

Coas súas obras estiveron en case todos os teatros e festivais de Galicia, dende a **MIT** ao **FITO** pasando pola **Mostra de CEE**, a Internacional de **Teatro cómico e festivo de Cangas**, o **FIOT** e mesmo o festival de teatro contemporáneo **USCénica**.

A súa última produción, **IRIBARNE**, realizada en coprodución co **Centro Dramático Nacional** e a **MIT**, leva xamais de un ano xirando por toda España, con máis de **50 representacións nas mellores prazas do estado**.

ESTHER T. CARRODEGUAS

DRAMATURGA, EMPRESARIA E ACTRIZ



Graduada en **Dirección e Dramaturgia pola ESAD de Galicia**, Licenciada en **Xornalismo** entre Compostela e Torino e **Técnico Superior en Imaxe** (EIS A Coruña), esta rianxeira de pura raza cabalga sobre os límites que separan os xéneros, sendo moitos dos seus textos difíciles de clasificar.

Tras 10 anos traballando no sector audiovisual, decide cambiar o seu rumbo vital de cara ao teatro estudando interpretación en **Espazo Aberto** e na **Escola Intenacional da Comicidade**. Nese momento entra na ESAD de Galicia, á vez que arranca o seu periplo profesional no mundo do teatro.

Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados tanto en **ButacaZero** como noutras compañías tanto privadas (**De Ste Xeito, Outubro Producións**) como públicas (**CDG, Teatro Español, CDN**).

XAVIER CASTIÑEIRA

DIRECTOR E DOCENTE TEATRAL



Licenciado en Dirección de Escena pola **RESAD de Madrid, Máster Universitario** en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo, e (case) Licenciado en FiloloXía Hispánica pola USC. Na actualidade cursa o **Doutoramento na UCM** investigando os procesos neuro-biolóxicos nos procesos de recepción escénicos.

Desde os seus inicios no mundo do teatro **compaxinou o seu labor creativo coa docencia**, impartindo desde 1998 aulas en diversos grupos amadores e en talleres regulares de interpretación, dirección ou investigación escénica. No ano 2011 entra a ser parte do **corpo de profesores e profesoras da ESAD de Galicia**.

Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas case todas as de ButacaZero e por suposto para outras compañías, que inclúen **Goliardos, Mairitz, A Escola de Música Creativa, Outumuro Producións ou De Ste Xeito**.

butacazero

Distribución Galicia Esther F. Carrodeguas
629694432 - carrodeguas@butacazero.com
+ info en ButacaZero.com

